

## NOVENA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

## DÉCIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por **Resolución de Presidencia número 59317** de data 15 de decembro de 2025.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente Convenio por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE CURTIS

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: Javier Francisco Calzós Vázquez

O SECRETARIO XERAL  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Miguel Iglesias Martínez



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA



CONCELLO  
DE CURTIS

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 20 /2026

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CURTIS PARA A XESTIÓN INTEGRAL DO CENTRO ETNOGRÁFICO DE CURTIS, UBICADO EN TEIXEIRO (CURTIS), ANUALIDADE 2026.

Na Coruña, a 13 de febreiro de 2026

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

### REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, en representación da Deputación Provincial da Coruña e

Doutra parte, Don Javier Francisco Calzós Vázquez, Alcalde-Presidente do Concello de Curtis

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas e,

### EXPOÑEN

1º.- Que é interese coincidente da Deputación e do Concello promover o desenvolvemento da conca do río Mandeo no ámbito territorial de cada unha das administracións actúantes.

2º.- Que unha vez executadas pola Deputación Provincial as obras e instalacións do proxecto emprazadas no termo municipal de Curtis, ambas as institucións coinciden na conveniencia de abrir as canles de cooperación para que no futuro poida a Deputación ceder o uso do Centro Etnográfico ao Concello de Curtis.

3º - Que, coa finalidade de establecer as condicións de cooperación necesarias para a posta en valor deste conxunto etnográfico a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Curtis acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRA: OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Curtis, NIF P1503200F, por medio do cal a Deputación Provincial da Coruña encomenda ao Concello de Curtis, a xestión integral do Centro Etnográfico de Curtis, ubicado en Teixeiro (Curtis), durante o ano 2026.

#### SEGUNDA: OBRIGAS DO CONCELLO DE CURTIS

1. O concello de Curtis **fará constar** en todas as actividades, programas, folletos e carteis, etc., o **financiamento da Deputación** Provincial da Coruña.

2. O Concello de Curtis achegará o persoal necesario para a atención a visitantes do Centro etnográfico durante o periodo de imputación de gastos que figura na cláusula CUARTA do convenio. O Concello porá en funcionamento o centro e encargarse das visitas que se reciban.
3. Manter en perfectas condicións de conservación e limpeza, tanto o inmovible como os bens incluídos no mesmo.
- 4. Promover o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, debendo ser o idioma utilizado o galego, tanto nas visitas guiadas como nos logotipos empregados.**
5. O Concello de Curtis comprométese á apertura do centro de acordo cos horarios que se establecen na cláusula TERCEIRA e **elaborará unha estatística de visitas mensual e de xeito obxectivo e valorable.**

**TERCEIRA: ATENCIÓN DE VISITANTES E HORARIO**

1. O servizo de atención a visitantes e demais actividades deberán prestarse por profesional cualificado, ben con persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ao amparo do establecido na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do Sector Público. En ningún caso o persoal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa, suporá creación de relación laboral algunha coa Excelentísima Deputación Provincial da Coruña.
2. O horario de atención ao público será como mínimo:
- De Martes a Venres: 10:00 horas a 13:00 horas e de 16:00 h a 19:00 h
  - Sábados e Domingos: 10:00 horas a 13:00 horas
  - Luns e festivos: pechado

**CUARTA: OBRIGAS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA**

1. A Deputación Provincial da Coruña abonará ao concello de Curtis, o importe correspondente ao 68,43835% dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, ata un **máximo de 24.713,86 euros, durante a anualidade de 2026, do 1 de xaneiro de 2026 ao 31 de decembro de 2026** con cargo á aplicación 0112/3336/22609 ao concello de Curtis, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente:

| Concepto                     | Aplicación Orzamentaria | Orzamento   | Achega provincial máxima | Porcentaxe de financiación |
|------------------------------|-------------------------|-------------|--------------------------|----------------------------|
| Centro etnográfico de Curtis | 0112/3336/22609         | 36.111,13 € | 24.713,86 €              | 68,43835%                  |

2. No caso de que os gastos xustificadas non cubertos con ingresos da actividade, foran superiores, a aportación provincial non superará en ningún caso a cantidade indicada na cláusula CUARTA do convenio.
3. Aboarase de conformidade co disposto na cláusula QUINTA do texto do convenio.

**QUINTA: FORMA DE PAGO**

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Curtis a achega correspondente a cada anualidade da seguinte maneira:

- Efectuaranse pagos trimestrais, polo importe correspondente ao 68,43835% dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, correspondentes ao citado trimestre e correspondentes a períodos vencidos.
- En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado.
- Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo Secretario co visto e prace do Alcalde-Presidente do Concello de Curtis.
- Acompañarase ademais unha memoria na que se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.
- Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.
- Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Curtis deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.
- Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.
- O Concello deberá presentar unha certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbese.
- O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

**SEXTA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN**

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación, por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

**SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN**

O inmovible seguirá sendo propiedade da Excma. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar as actividades que estime oportunas.

**OITAVA: VIXENCIA**

1. O prazo de vixencia do presente convenio esténdese **desde o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de marzo de 2027.**
2. As actividades se realizarán, aos efectos de imputación dos gastos, **entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro do 2026**, e terán que estar xustificadas un mes antes do vencemento do período de vixencia do convenio.
3. Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio orzamentaria.